



Méritos para optar al primer encuadre de la Carrera Profesional  
Publicado en el DOG el 30 de Julio de 2018

I. Persoal licenciado sanitario.

Superará a avaliación o/a profesional que teña participado, nos exercicios 2013 a 2017, nos obxectivos asistenciais da institución na cal estivese prestando servizos, reflectidos nos programas especiais do complemento de produtividade variable, e acredite o seu cumprimento nun 70 % en cada un dos cinco exercicios, ou nun 75 % de media nos ditos exercicios.

O persoal integrado funcionalmente nas unidades e servizos de atención primaria será avaliado e poderá superar a avaliación, de conformidade cos criterios determinados na Orde do 16 de maio de 2006 (Diario Oficial de Galicia do 30 de maio). Neste caso non será preciso utilizar outros criterios de avaliación.

Con carácter subsidiario, superará igualmente a avaliación o/a profesional que acredite calquera das actividades –a) a i)– relacionadas nos criterios xerais de avaliación.

Réxime transitorio e excepcional de encadramento.

a) Formación continuada:

– Recibida: realización de cursos que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría/especialidade (4 créditos/40 horas). Só se valorarán os cursos de formación realizados con posterioridade á obtención do título exixido para o acceso á categoría/especialidade.

– Impartida: para os/as profesionais que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

Os cursos realizados en materia de prevención de riscos, igualdade entre mulleres e homes, prevención e loita contra a violencia de xénero, informática, xestión clínica, bioestatística e metodoloxía da investigación valoraranse en calquera categoría/especialidade e con independencia da data de obtención do título exixido para o acceso.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora, segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación:

Publicación dun artigo dos que teñen asignada a maior puntuación consonte os últimos criterios publicados pola Dirección Xeral de Recursos Humanos, no Diario Oficial de Galicia, para os procesos de provisión de prazas da correspondente categoría/especialidade.

O resto das publicacións valoraranse ponderadas de conformidade cos ditos criterios, para acadar esa puntuación mínima suficiente.

d) Por impartir formación sanitaria especializada: dous anos como xefe de estudos, tres anos como titor ou cinco anos como colaborador docente. Para estes efectos, o colaborador docente é o/a profesional dos diferentes dispositivos dunha unidade docente por onde rotan os/as especialistas en formación que, sen ser titor, colabora de forma activa na súa formación, asumindo a orientación, a supervisión e o control das actividades que realicen durante as rotacións.

e) Dous anos de funcións de dirección, subdirección, xefatura, coordinación e supervisión nas institucións sanitarias ou na Administración sanitaria.

f) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación na cal o/a profesional, estando exento de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento,

desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do Goberno ou órganos de Goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

g) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos.

h) Dous anos de servizos prestados nos hospitais públicos do Barco, Verín, Burela, Cee e Monforte, caracterizados pola súa distancia e illamento e que sofren especiais dificultades de cobertura.

i) Dous anos de servizos prestados en municipios especialmente illados ou en condicións de soidade, consonte os criterios que establece a normativa de ordenación da atención primaria. Valoraranse as actividades realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

As actividades de formación universitaria de posgrao valoraranse con independencia da data da súa realización.

